

ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DE DATA 27 e 28 de agosto de 2007.

Sendo as dez horas do día 27 de agosto de 2007, na Sala de Xuntas da Concellaría de Persoal reúnese a Mesa de Negociación do Excmo. Concello de A Coruña, asistindo esta

Por parte da Administración Municipal

- Dña Obdulia Taboadela Álvarez, Concelleira delegada de Persoal, como Presidenta
- D. Juan Manuel Díaz Villoslada, Director de Servizos Xerais, Facenda e Interior
- D. Ramón Vilas de Escauriaza, Xefe de Departamento de Xestión de RR.HH
- D. José Antonio Sánchez Ríos, Xefe de Sección de Administración de Persoal
- Dña Lorena Abad Carrera, Xefe de Departamento de Xestión de Recursos Humanos, que actúa como secretaria

Por parte das seccións sindicais comparece

Como representantes sindicais

- Dña Marina Lorenzo Fernández (CC.OO)
- D. Roberto Tizón Miguens (CIG)
- D. Manuel Aceña Liste (CSI-CSIF)
- D. José Varela Laia (UGT)

Como asesores

- D. Jesús Ricoy (CC.OO)
- D. Javier Hermida Gayubas (CIG)
- D. Andrés Otero Cerveró (CSI-CSIF)
- D. Javier Sobrino Viqueira (UGT)

Por parte da Sra. Presidenta ábrese a sesión. Dña Obdulia Taboadela manifesta a súa vontade de negociar e de chegar a acordos. Ante as propostas sindicais, se propón un receso de dúas horas para a exposición das mesmas.

Sendo as 13:30 horas do mesmo día continúaase a sesión da Mesa de Negociación. Por parte dos representantes sindicais faise entrega da proposta de integración de postos e elementos do complemento específico.

Por parte da Administración, faise entrega da proposta municipal de valoración e de factores do complemento específico. D. Juan Manuel Díaz Villoslada explica o documento. Fóra do documento presentado e en relación á petición sindical da garantía mínima de 1000 € mensuais, D. Juan Manuel Díaz Villoslada manifesta que se, dentro da nova valoración, existen soldos inferiores a mil euros, se pode aplicar un factor correctivo en circunstancias normais de nómina. Por parte da Concellaría de Persoal asúmese ese compromiso, seguindo sempre as instrucións da Intervención Xeral.

D. Javier Hermida Gayubas manifesta que a proposta presentada polo Goberno Municipal toma como base a valoración da empresa DEAMOS. Dña Obdulia Taboadela contéstalle que a proposta de DEAMOS é o documento base sobre o que traballar e é o que se fixo. A proposta presentada neste momento pola Administración, manifesta a Sra. Concelleira, dá resposta ás peticións sindicais:

- Homoxeneización de complemento específico.
- Incorporación de novos elementos do complemento específico
- Graduación dos elementos do complemento específico.

Exposto o anterior, Dña. Obdulia Taboadela propón suspender a sesión e proceder á análise e estudo dos documentos presentados e cuantificar os mesmos.

Sendo as 14:45 horas suspéndese a sesión para o estudo das propostas, sinalándose como hora de reanudación da sesión as 17:00 horas.

Sendo as 17:15 horas do mesmo día continúaase a sesión. Por parte do Sr. Acea fórmulanse unha serie de consideracións:

- Non están de acordo coa asignación de postos a través de niveis.
- Os conceptos de Especial Dedicación, Dispoñibilidade Menor e Crédito Horario son ambiguos e teñen distinta forma de ser valorados.
- A distorsión de xornada non se distingue polo nivel, está mal graduada. O mesmo sucede coa atención ao público e o traballo en rúa
- A perigosidade esta calculada dunha forma inversamente proporcional.
- As cantidades dedicadas a estes elementos son escasas.

Dña Obdulia Taboadela contesta que a valoración é a segunda fase da Relación de Postos de Traballo. A valoración incorpora todas as demandas sindicais dunha ou outra forma. Así mesmo, insiste do que se trata é de discutir as retribucións finais. A continuación, procédese a analizar distintos postos de traballo e as súas diferenzas mensuais.

Rematada a análise de cada posto, Dña Obdulia Taboadela reitera a proposta municipal, explicando que esta proposta responde á petición sindical de que ninguén cobre menos de 1000 euros mensuais, soben as categorías máis baixas e dentro dos grupos máis altos, soben os niveis máis baixos.

A continuación, sendo as 19:30 horas, hai un receso de 30 minutos.

Sendo as 20:20 horas, reiníciase a sesión. D. Juan Manuel Díaz Villoslada explica as modificacións realizadas na proposta municipal.

Dña Obdulia Taboadela propón que os representantes sindicais analicen a proposta presentada, pensando que é mellor normalizar que pelexar. Así mesmo, manifesta que a representación municipal está aquí para chegar a ter uns servizos de calidade. O esforzo de incremento salarial chegou ao límite, sen resultar prexudicado o servizo ao cidadán. Necesitamos unha contrapartida. Non se pode pagar máis e o proposto faríase a catro anos.

D. Roberto Tizón contesta que analizarán a proposta municipal e farán unha contraproposta que poida asumir o goberno municipal.

Sendo as 9:45 horas faise un receso ata as 10:30 minutos.

ÁS 10:30 minutos, reiníciase a sesión, coa incorporación de Dña Natividad Fernández Salas como asesora de CC.OO, ao escusar a súa ausencia D. Jesús Ricoy, que se incorpora posteriormente.

A Sra. Concelleira pide un receso de 10 minutos.

Sendo as 1:30 horas do día 28 de agosto de 2007, continúaase a sesión. Dña Obdulia Tabodela insiste en que se se chegase a un acordo, todos estaríamos contentos. Se non hai acordo, non o hai, pero iso tería como consecuencia a ruptura da mesa e das negociacións e a volta á situación que todos coñecemos, coas consecuencias para os funcionarios e os cidadáns. Debemos asumir que neste caso, fracasariamos e neste caso, decepcionariamos a toda a xente que ten expectativas nesta mesa. Cre que o concello fixo unha boa oferta para tres anos, que non esgota as perspectivas económicas deste concello. A continuación cédelle a palabra a D. Juan Manuel Díaz Villoslada para que explique a última proposta.

Prodúcese neste momento un receso de media hora.

Sendo as 3:10 horas do día 28 de agosto continúaase a sesión. Ábrese unha quenda de intervención dos representantes sindicais, coa seguinte orde:

- CIG. Inicialmente asinarían un preacordo, fixándose as contías sinaladas e porcentaxes de aplicación, para o seu sometemento á asemblea de traballadores.
- CC.OO. Asinarían un preacordo, nos mesmos termos, coa condición da súa aprobación pola asemblea de traballadores e o tema dos expedientes disciplinarios pendentes neste momento.
- CSI-CSIF. Pronúnciase no mesmo sentido que os anteriores sindicatos.
- UGT. Esta disposto a asinar un preacordo, para o seu sometemento á asemblea dos traballadores.

En relación á condición dos expedientes disciplinarios, Dña Obdulia Taboadela contesta que os expedientes non están enriba da mesa. Concrétase a redacción do preacordo nos seguintes termos:

- En relación á produtividade, o seu cálculo farase sobre a base de 22 días hábiles e non se aboará proporcionalmente en caso de faltas non xustificadas, baixas por enfermidade, incumprimento do horario e indisposicións. O seu abono realizarase, por primeira vez, en xaneiro ou febreiro de 2008 ao 100%.
- A aplicación da valoración farase a tres anos, nas seguintes porcentaxes

- 2007	10%
- 2008	60%
- 2009	30%

En relación a estas porcentaxes, a Sra. Concelleira contesta que se intentará asumir esa distribución.

- A aplicación do factor de corrección para que ninguén cobre menos de 1000 € mensuais.

SENDO AS 5:00 DO DIA 28 DE AGOSTO DE 2007 PROCÉDESE Á SINATURA DO PREACORDO. POR PARTE DO CONCELLO, ASINA A CONCELLEIRA DELEGADA DE PERSOAL, DÑA OBDULIA TABOADELA ALVAREZ e, POR PARTE DAS SECCIÓNS SINDICAIS, ASINAN: POR CC.OO, DÑA MARIÑAR LORENZO FERNANDEZ; POR CIG, D. ROBERTO TIZÓN MIGUENS; POR CSI-CSIF, D. MANUEL ACEA LISTE; E POR UGT, D. JOSE VARELA LAIA.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as cinco horas e trinta minutos do día 28 de agosto de 2007, levántase a sesión, do que eu, secretaria, dou fe.